

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO
CORRESPONDENTE O DIA 26 DE SETEMBRO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día vinteseis de setembro do dous mil dous; ás oito da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso e Don Antonio Domínguez Lorenzo. Non asiste Dona Maria José Escudero Estévez.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Antes de comeza-la sesión, o Sr. Alcalde co asentimento de tódolos membros da Corporación, quere facer consta-lo pesar da Corporación polo falecemento en días pasados de Don Justo Emilio García Janeiro, así como facerlle chega-lo pésame a súa familia e tamén á propia Coordinadora da Festa da Istoría, da cal era membro significativo.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ULTIMAS SESIONS CELEBRADAS, QUE FORON AS DO 18 DE XULLO, 20 DE AGOSTO E 6 DE SETEMBRO PASADO (Ordinaria e Extraordinarias respectivamente).-

A Corporación Municipal, por unanimidade, presta aprobación ó borrador das Actas das últimas sesións celebradas, que foron as do 18 de Xullo, 20 de Agosto e 6 de Setembro (Ordinaria e Extraordinarias respectivamente).

2.- DAR CONTA DE DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

O Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 8 de xullo, dúas sobre aboamentos.

Do 9 de xullo, dúas sobre aboamentos.

Do 11 de xullo, sobre aboamentos.

Do 12 de xullo, sobre aboamentos.

Do 15 de xullo, sobre aboamentos.

Do 16 de xullo, sobre aboamentos.

Do 17 de xullo, sobre aboamentos

Do 18 de xullo, sobre delegación a prol do Concelleiro Don Francisco Xabier Carreira Sebio para a celebración de voda civil.

Do 18 de xullo, dúas sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 18 de xullo, sobre aboamentos.

Do 19 de xullo, sobre aboamentos.

Do 20 de xullo, dous sobre aboamentos.

Do 21 de xullo, sobre aboamentos.

Do 22 de xullo, sobre aboamentos.

Do 23 de xullo, dous sobre aboamentos.

Do 24 de xullo, dúas sobre aboamentos.

Do 26 de xullo, dúas sobre aboamentos.

Do 26 de xullo, sobre obras e asuntos varios.

Do 27 de xullo, sobre aboamentos.

Do 29 de xullo, sobre suspensión de actividade.

Do 29 de xullo, sobre aboamentos.

Do 30 de xullo, sobre delegación da Alcaldía a prol do Segundo Tenente de Alcalde, Don Celso Sotelo Barroso.

Do 30 de xullo, sobre aboamentos.

Do 30 de xullo, sobre obras e asuntos varios.

Do 30 de xullo, sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 31 de xullo, catro sobre aboamentos.

Do 2 de agosto, sobre aboamentos.

Do 12 de agosto, sobre aboamentos.

Do 14 de agosto, sobre aboamentos.

Do 16 de agosto, dúas sobre aboamentos.

Do 19 de agosto, sobre aboamentos.

Do 20 de agosto, sobre obras e asuntos varios.

Do 20 de agosto, sobre aboamentos.

Do 23 de agosto, sobre aboamentos.

Do 26 de agosto, sobre aboamentos.

Do 30 de agosto, sobre aboamentos.

Do 31 de agosto, sobre aboamentos.

Do 2 de setembro, dúas sobre inclusión no Padrón de Habitantes.

Do 2 de setembro, dúas sobre aboamentos.

Do 3 de setembro, sobre contratación de persoal para realización de servicios municipais.

Do 3 de setembro, sobre aboamentos.

Do 4 de setembro, sobre aboamentos.

Do 5 de setembro, dúas sobre aboamentos.

Do 5 de setembro, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 5 de setembro, sobre obras e asuntos varios.

Do 6 de setembro, sobre asuntos fiscais.

Do 6 de setembro, dúas sobre aboamentos.

Do 9 de setembro, sobre aboamentos.

Do 10 de setembro, sobre contratación de persoal para a realización de servicios municipais.

Do 10 de setembro, sobre aboamentos.

Do 11 de setembro, sobre aboamentos.

Do 11 de setembro, dúas sobre mesa de contratación da obra denominada "Saneamento en Prexigueiro, Val de Pereira e Outros".

Do 12 de setembro, sobre inclusión no Padrón de Habitantes.

Do 13 de setembro, sobre aboamentos.

Do 16 de setembro, sobre contratación de persoal para a realización de servizos municipais.

Do 16 de setembro, sobre precintado de actividade.

Do 17 de setembro, dúas sobre cuestións fiscais.

Do 18 de setembro, sobre cuestións fiscais.

Do 18 de setembro, sobre obras e asuntos da súa competencia.

3.- FESTIVOS LOCAIS PARA O CALENDARIO LABORAL 2003.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Cultura celebrada o pasado día 19 de setembro que di: "Coñece a Comisión un escrito da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, no que se convida a este Concello a facermos unha proposta de Festas Locais de conformidade co previsto no artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores, texto refundido aprobado polo Real Decreto 1/1995, do 24 de Marzo e o artigo 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de Xullo, modificado polo RD 1346/1989, do 3 de Novembro, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, que sinala que a proposta debe ser remitida antes do 30 de Setembro para que polo devandito Organismo se dicte resolución no prazo fixado.

De seguido o Sr. Alcalde propón á inclusión como Festas Locais os días:

- Martes de Entroido.

- Festa do Portal (8 de Setembro).

De seguido o Sr. Alcalde, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non da

devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.P.); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., B.N.G. e Grupo Mixto.- Por conseguinte, por maioría, fica dictaminada favorablemente".

O non suscitarse debate por parte dos señores asistentes, sométese a votación ordinaria a transcrita proposta, a cal fica aprobada por unanimidade.

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DO INICIO DO EXPEDIENTE PARA REDACCION DE PLANO XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o pasado día 19 de setembro que di:" Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta da moción da Alcaldía que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: "Iniciado o expediente o efecto por Resolución da Alcaldía de data 10 de setembro de 2002.

Constando informe de Secretaria e Intervención, esta Alcaldía, propon ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Formular Planeamento Xeneral de Ordenación Municipal.

SEGUNDO.-Que se tramite o correspondente Prego de prescripción técnicas para a redacción do planeamento xeral de ordenacion municipal o obxecto da elección dos técnicos mediante concurso e a traves do procedemento legalmente previsto na normativa xeneral de contratación administrativa.

Ribadavia, 16 de setembro do 2002".-

De seguido intervén o Sr. Domínguez Lorenzo para sinalar que habera que elaborar o prego de prescripcións técnicas co obxecto de contratar o equipo redactor, no cál deberán intervir todos os grupos municipais así como tamen o técnico municipal.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que este tema presentase con moito retraso, cuestión que o seu grupo considera prioritaria. Finaliza a súa intervención preguntándose se a dotación presupostaria é suficiente, xa que no caso que non sexa así o lóxico sería esperar uns meses para lograr que o que se faga sexa un bo traballo.

Resposta o Sr. Domínguez, para sinalar que o que dí o Sr.Fidalgo Areda habera que estudia-lo cos técnicos.

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.P., P.S.O.E. e Grupo Mixto); reservanse para o Pleno os membros do B.N.G.- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para sinala-la necesidade da redacción dun plano xeral de ordenación municipal; di que hoxe iniciáse o expediente que continuará coa redacción do prego de cláusulas administrativas, as cales espera que sexan consensuadas por tódolos grupos municipais.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinala-la necesidade de redacción do devandito documento, se ben preocúpalle a dotación presupostaria así coma a redacción das bases para a contratación de equipo redactor. Finaliza a súa intervención solicitando axilidade no tema e que se trate de involucra ós sectores implicados (políticos, veciños, promotores, técnicos) e se faga un documento bo para todos.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para anuncia-lo voto favorable do seu grupo ó inicio do expediente administrativo; di que o planeamento urbanístico é o documento máis importante que pode facer unha Corporación sinalando que, debe ser un proxecto de todos. Finaliza a súa intervención dicindo que haberá que contratar ó mellor equipo redactor posible e anuncia a disposición do seu grupo a colaborar na tramitación do documento.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que o Plano Xeral é un instrumento necesario, instrumento que definirá o pobo que nos queremos, sinalando que deberá ser un documento amplamente consensuado por tódolos interesados.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

5.- APROBACION DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE RIBADAVIA NA PARCELA DOS HERMANOS DE SAN XOAN DE DEUS SITA NA TRAVESIA CARA SAN PAIO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e

Urbanismo celebrada o pasado día 19 de setembro que di:"Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta da moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: "**DON JOSE PEREZ IGLESIAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA** , ten a ben presenta-la seguinte

M O C I O N

En relación coa tramitación do expediente relativo á Modificación Púntual das Normas Subsidiarias de Ribadavia na parcela dos Irmáns de San Xoan de Deus sita na Travesía cara San Paio, e unha vez informado favorablemente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda con data 12 de setembro de 2002, cumprimentando todas as súas observacións e polo Servicio de Estradas da Consellería con data 14 de agosto de 2002, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter definitivo a Modificación Púntual das Normas Subsidiarias de Ribadavia na Parcela dos Irmáns de San Xoan de Deus sita na Travesía cara San Paio.

SEGUNDO.- Proceder á publicación da aprobación definitiva no DOGA e o texto integro da normativa no BOP, en cumprimento do disposto no artigo 48/2ª da Lei 1/1997 de 24 de marzo, do Solo de Galicia. Ribadavia, 16 de Setembro de 2002".-

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, tres (P.S.O.E. e B.N.G.).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Concelleiro do grupo mixto, para sinalar que se trata dun tema suficientemente debatido, indicando que consta informe favorable de Urbanismo e do Servicio Provincial de Estradas. Finaliza a súa intervención dicindo que con esto trátase de solucionar-lo tema da Estación de Autobuses, anunciando o seu voto favorable á moción presentada.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que o seu grupo no seu momento xa manifestou dúbidas sobre a ubicación e dimensións da Estación de Autobuses; prosegue a súa intervención dicindo que se descoñece canto lle vai a

custar esta operación ó Concello, anunciando de seguido o seu voto en contra.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para anuncia-lo voto en contra do seu grupo; di que esta modificación serve para xustificar unha acción ilegal da Consellería que ten que velar polo cumprimento da normativa urbanística; di que dita actuación veu determinada pola incompetencia dos técnicos da obra e do Delegado da Consellería; pregúntanse tamén cómo se actuaría se isto o fixese un particular; di que se perdeu unha oportunidade para negociar coa Cotop a realización da urbanización. Finaliza a súa intervención dicindo que o que procedería neste expediente sería a incoación de expediente sancionador por infracción urbanística moi grave e de seguido depurar responsabilidades.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que hai que diferenciar entre obras públicas e obras privadas; di que nas públicas prima o interese xeral e, a utilidade social e pensa que o que Ribadavia necesita é unha estación de autobuses. Finaliza a súa intervención dicindo que o que se propón e unha solución legal ó actual problema existente.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para dicir que habería que preguntar quen designou ós técnicos; di que os erros haberá que solucionarlos, xa que hai unha obra feita e haberá que darlle uso, deixando aparte se a ubicación é a idonea ou non.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para dicir que o Concello ten a responsabilidade de controla-la execución das obras tanto públicas como privadas; pregúntase quén se fai responsable deste desagüisado, dicindo que alguén tería que ter dimitido.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para dicir que a operación que se fixo nesa zona parécelle un timo, xa que se recalificou un terreo sen valor ningún déndolle unha edificabilidade coa obriga do Concello de face-la urbanización; convida ó Sr. Alcalde a que faga unha auditoría desa obra e que solicite os informes pedidos polo seu grupo e acadados polo Pleno; di que os culpables da situación desa obra son, o anterior e, o actual alcalde e tamén os responsables da Cotop, xa que o seu grupo en reiteradas ocasións solicitou por escrito que se fixera un seguimento da devandita obra e que se presentase o correspondente proxecto para a súa legalización.

De seguido o Sr. Alcalde procede á retirada do asunto da Orde do día sen que o mesmo se someta a votación.

6.- APROBACION, SE PROCEDE DO PROXECTO BASICO E DE EXECUCION DO ACONDICIONAMENTO DA ALAMEDA DE RIBADAVIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o pasado día 19 de setembro que di: "Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta do proxecto básico e de execución do acondicionamento da Alameda de Ribadavia redactado polo arquitecto Don Alfredo Rojas Temprano e o arquitecto técnico Don Luis Angel López Gómez; sinala que o importe do proxecto coincide co importe da subvención concedida pola Cotop; dí que están pendentes de recibir o informe de Patrimonio, informe preceptivo de acordo co que sinala o artigo 64 das ordenanzas do P.E.R.I., así como tamén que non hai ningún inconveniente en ter unha reunión cos técnicos para que nos expliquen o proxecto. Finaliza a súa intervención dicindo que unha vez aprobado o proxecto habera que facer un Prego de Clausulas administrativas para adxudicar a obra.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que lle parece oportuno calquera tipo de reunión; dí que o proxecto debería estar informado polo técnico municipal así como tamén deberíase concretar o tema da xestión e dirección técnica da obra.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, para anunciar que o se u grupo reservase para o Pleno.

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non do devandito proxecto, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e B.N.G..- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Concelleiro do grupo mixto, para sinalar que consta informe favorable de Patrimonio, dicindo que unha vez aprobado o proxecto haberá que face-lo prego de clausulas, o cal espera que sexa consensuado por tódolos grupos, manifestando a súa intención de que estean presentes na Mesa de contratación os representantes dos grupos municipais.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do B.N.G., para sinalar que o informe de Patrimonio establece

algún condicionante, reiterando que no expediente nota en falta o informe do técnico municipal; en canto ó proxecto manifesta a súa conformidade coa distribución, se ben, a obra non se remata na súa totalidade e así o cafetín e os servizos quedan pendentes; di tamén que, lle parecen moitas anualidades e manifesta dúbidas sobre a adxudicación da obra. Finaliza a súa intervención anunciando o apoio ó proxecto, se ben ven van a estar vixiantes para evitar que os malos presaxios existentes sobre ese obra se cumpran.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para reitera-lo favoritismo coa empresa adxudicataria da obra do aparcamento, así di que non executou a obra na súa totalidade, apróbase unha Ordenanza de circulación co obxecto de favorecerla e agora un organismo público vai a arranxa-la superficie, cando no Concello existen outras necesidades; en canto ó proxecto, anuncia o seu voto favorable, xa que pensa que hai que devolvérlle-la dignidade que tiña dito entorno. Finaliza a súa intervención solicitando axilidade na execución da obra e que se faga unha exposición pública para que tódolos veciños e colectivos teñan coñecemento do proxecto e poidan facer suxerencias.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para rexeita-las manifestacións realizadas polo Sr. Fidalgo Areda, sinalando que o importante é que obra se execute correctamente e o máis rápido posible para disfrute dos veciños.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para dicirlle ó Sr. Alonso Fernández que non haberá que esperar ó pago para facer obra, xa que a mesma ten un prazo de execución; en canto á empresa adxudicataria, di que o prego será consensuado e tódolos grupos estarán na Mesa de Contratación.

Intervén o Sr. Alonso Fernández, para mostra-lo seu agradecemento ó técnico redactor do proxecto e tamén ó propio Concelleiro, as explicacións do proxecto; di que haberá que estudar-lo tema da dirección de obras. Finalmente ten dúbidas se a negativa manifestada tanto polo técnico coma polo Concelleiro sobre a utilización da Alameda en determinados eventos (Feira do Viño, festas do Portal ou festa da Istoría) ven determinado por cuestións de seguridade ou por mantemento en adecuado estado ó entorno.

Resposta o Sr. Sotelo Barroso, para contestarlle ó Sr. Alonso Fernández que a proposta do técnico ven determinado polo feito de manter adecuadamente conservado o entorno.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do devandito proxecto, obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade o devandito proxecto.

7.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Rexime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 19 de Setembro que di:"Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, da conta da

seguinte moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:" **DON JOSE PEREZ IGLESIAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA,** propón o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento que regula o Rexistro de Parellas de Feito do Concello de Ribadavia.

SEGUNDO.- Expoñer o público o devandito Regulamento polo prazo de trinta días, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presenta-las suxestións e reclamacións que xulguen oportunas. De non habelas, o regulamento entenderase aprobada definitivamente. Ribadavia, 16 de Setembro de 2002".

Os membros do P.S.O.E. e B.N.G., manifestan que os seus grupos reservaranse para o pleno xa que non coñecen o texto, se ben manifestan a súa conformidade coa idea e filosofía do tema.

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non da moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E. e B.N.G.- Por conseguinte, por maioría absoluta fica dictaminada favorablemente.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do grupo municipal do B.N.G., para que se solicite a outras administracións que fagan os trámites oportunos para que estes regulamentos sexan efectivos.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para solicitar que no artigo 7 se

substitúa "departamento de servicios sociais" por "departamento correspondente", manifestando tódolos grupos a súa conformidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido transcríbese o texto integro do devandito rexistro: " **REGULAMENTO DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

Artigo 1º

O rexistro de unións de feito rexerese polo seguinte regulamento e terá carácter administrativo.

Artigo 2º

Terán acceso a este rexistro as unións non matrimoniais de convivencia estable entre parellas, sendo indiferente o sexo dos seus membros. Enténdese como unión de feito para os efectos deste rexistro aquela unión duradeira ou estable de dúas persoas, con capacidade para obrar, que, con ausencia de toda formalidade, cumpren espontaneamente deberes de responsabilidade recíprocos.

Artigo 3º

Serán obxecto de inscrición as declaracións de constitución ou extinción das referidas unións de feito.

Tamén se poderán inscribi-los contratos reguladores de relacións persoais e patrimoniais entre os seus membros e as declaracións, feitos e circunstancias relevantes que afecten a esta, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico; todo isto sen prexuízo de que para a produción de efectos xurídicos sexa necesario a inscrición ou anotación noutro rexistro público.

Artigo 4º

As inscricións realizaranse trala solicitude conxunta dos dous membros da parella, acompañada da documentación acreditativa dos seguintes requisitos:

- a) Ser maiores de idade ou menores emancipados.
- b) Non ter relacións de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta ou colateral en segundo grao.

c) Non estar incapacitados.

d) Non estar suxeitos a vínculo matrimonial.

e) Estar empadroados no Concello de Ribadavia, alomenos un dos seus membros.

f) No acto da inscrición deberán estar presentes dúas testemuñas que dean fe da existencia da unión de feito.

As anotacións que fagan referencia a extinción da unión de feito realizaranse a pedimento dunha soa das partes. Esta solicitude de extinción comunicaráselle á outra parte, para que no prazo de 15 días alegue o que considere conveniente. Resolverase pola alcaldía ou concellería delegada á vista do actuado.

Artigo 5º

O rexistro de unións de feito acreditará, ante aquelas administracións e entidades públicas que o acepten, a constitución e extinción das unións de feito, sen prexuízo de proba en contrario.

Artigo 6º

O rexistro de unións de parellas de feito ten carácter público para quen teña interese persoal e lexítimo en coñece-los asentos rexistrados. Expediranse certificados a pedimento de calquera deles ou dos xuíces ou tribunais que así o demanden.

Artigo 7º

O rexistro de unións de feito levarase nun libro debidamente selado e foliado polo departamento correspondente do Concello do Ribadavia.

A inscrición primeira e da súa extinción precisará de resolución aprobatoria da alcaldía ou concellería delegada, sendo suficiente para o resto das inscricións a formulación conxunta de ámbolos dous interesados.

No caso de que non se cumbran os requisitos establecidos para a inscrición, esta será motivadamente denegada por resolución.

Se a solicitude presentara defectos formais ou falta de acreditación dalgún extremo esixido, requiriráselle o interesado para que repare a falta ou complementa a documentación nun prazo non superior a 10 días,

advertíndolle que de se-lo caso, entenderáselle desistido da súa solicitude e arquivarase.

O rexistro materializarase nun libro xeral no que se practicarán as inscricións a que se refiren os artigos precedentes. O libro estará formado por follas móbiles foliadas e seladas, e encabezarase e rematarase coas correspondentes dilixencias de apertura e peche.

A primeira inscrición de cada parella terá carácter de básica; á marxe desta, anotarse todo asento que se produza con posterioridade no libro xeral. O libro rexistro terá tamén outro auxiliar, ordenado por apelidos dos inscritos no que se expresará o número de páxinas do libro xeral no que existan anotacións que lles afecten.

Artigo 8º

A prestación deste servizo estará suxeita ás taxas que se determinen regulamentariamente na ordenanza municipal de documentos administrativos.

Disposición final.

O regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorridos 15 días contados a partir da recepción do acordo de aprobación definitiva polo órgano competente da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma".

8.- APROBACION, SE PROCEDE DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE RIBADAVIA EN MATERIA DE ACTUACIONES NA AREA DE REHABILITACION DO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA 3ª FASE.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o pasado día 19 de setembro que di: "Intervén o Presidente efectivo da Comisión, Don Antonio Domínguez Lorenzo, para dar conta do Convenio entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e Concello de Ribadavia, en materia de actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia, 3ª Fase, para actuacións dos particulares; continúa dicindo que a xestión dos fondos corresponde o Concello, comprendendo cuarenta actuacións no casco histórico en base a un programa aberto e flexible. Finaliza a súa intervención solicitado a aprobación de dito Convenio.

De seguido sométese a votación a urxencia do acordo, obtendose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para solicitar que se de conta das subvencións na comisión de seguimento do P.E.R.I. e que as mesmas concedanse cumprindo os principios de publicidade e obxetividade.

De seguido sométese a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non do devandito Convenio, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto);reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E. e B.N.G.- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para solicitar que se dea conta na Comisión Informativa ou na Comisión de Seguimento correspondentes das axudas concedidas.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do grupo do B.N.G., para sinalar que haberá que darlle un tiron de orellas tanto ó I.G.V.S. como ó propio grupo de goberno, se temos en conta dito convenio, en concreto a falta no Casco Histórico de iniciativa pública, infraestructuras e iniciativa privada.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do devandito Convenio, obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

9.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O SERVICIO DE VIXILANCIA NOCTURNA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Rexime Interior, que inclúe Policia Local e Tráfico celebrada o pasado 19 de Setembro que di:" Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, da conta da seguinte moción do grupo municipal do P.S.O.E., que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"O grupo do PSdeG-PSOE, no exercicio das atribucións que lle da a Lei do Réxime Local, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte MOCION:

Unha das obrigas principais do Concello é garantir que os cidadáns contan cun nivel de Seguridade aceptable que lle permita descansar, contando que pode dormir tranquilo.

O Concello, a través da Xunta Local de Seguridade pode fomentar e garantir a vixilancia adecuada, coordinando os efectivos da Policía Municipal e Garda Civil entre outros.

Nos últimos meses veñen aumentando todo tipo de delitos, tamén os roubos nocturnos en establecementos comerciais e outros bens.

O aumento de efectivos, non ten mellorado a prestación do Servicio de Noite por parte da Policía, que non se da varios días na semana, sen que haxa outras alternativas que cubran o vacío.

Ante esta situación o Concello tén que tomar medidas, polo que formulamos ante o Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

O Pleno acorda considerar como preferente o Servicio de Vixilancia Nocturna pola Policía Municipal, para o que se tomarán as medidas de organización de Servicio ou de coordinación coas outras Forzas de Seguridade, dentro da Xunta Local. Ribadavia, a 13 de Setembro de 2002".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar a súa conformidade coa moción presentada, dicindo que é unha cuestión que habera que regula-la.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, para solicitar unha coordinación de efectivos (Guardia Civil e Policía Local), cuestión que debe resolver a Xunta Local de Seguridade.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, para sinalar que a Policía Local ven realizando servicio nocturno os venres, sábado e domingo, mentras que os restantes días debería facelo a guardia civil; dí que na vindeira reunión da Xunta Local de Seguridade tratarase ese asunto.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para dicir que a filosofía da moción é a de reorganizar o servicio co obxecto de mellorar a vixilancia nocturna.

De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non da moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade".

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para manifestar que neste tema hai que facer un esforzo permanente, reorganizando o servicio co obxecto de mellora-lo servicio nocturno e tendo unha maior colaboración da garda civil. Finaliza a súa

intervención agradecendo o apoio dos grupos á moción presentada.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que o Sr. Alcalde e, o Concelleiro de Tráfico deberán reorganizar los servicios co obxecto de mellorar este servicios nocturnos.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que ditas cuestións trataranse na vindeira sesión da Xunta Local de Seguridade. Finaliza a súa intervención dicindo que recollen a inquietude de tódolos grupos, anunciando o seu voto favorable á moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

10.- APROBACION, SE PROCEDE, DA CONCERTACION DUNHA OPERACION DE TESOURERIA POR IMPORTE DE 497.681,55 EUROS.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado 19 de Setembro que di:"Intervén o Sr. Alcalde, para sinalar que se trata da renovación dunha operación de tesourería, indicando que o Concello non dispón de liquidez para cancela-la polo é necesario a súa concertación; dí que as condicións melloran as establecidas, dando conta da moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

"Don José Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente de este Ilmo. Concello, no día de hoxe, formula ó Pleno Municipal a seguinte PROPOSTA:

CONCERTACION DE OPERACION DE TESOURERIA.

Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de tesourería e achado conforme, en harmonía co informe da Intervención e vistos os artigos 52 e 53 da Lei Reguladora das Facendas locais 39/1988, de 28 de decembro, segundo a redacción dada polo artigo 139, parágrafos 3 e 4 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, e Lei 50/1998, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social e Lei 55/1999, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, de conformidade co acordo plenario de 31 de xaneiro de 2002 que revoca o acado polo Pleno o 29 de xullo de 1999, polo que se delegaba a competencia da contratación de

operacións de tesourería na Comisión municipal de Goberno cando, pola súa cuantía, excederan dos límites da competencia desta Alcaldía-Presidente, propoño ó Pleno Municipal acade o seguinte

A C O R D O

Concertar coa Entidade Financiera : Banco de Santander Central Hispano SA. Red Santander -Ribadavia, un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 497.681,55 euros, coas seguintes características.

- a) Tipo de interés: Variable: Euribor a 3 meses+ 0,4%.
- b) Comisión de apertura: 0%.
- c) Comisión de non disponibilidad = 0%.
- d) Prazo: Un ano.
- e) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do Concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 50 da Lei de Facendas locais.Ribadavia, a 18 de setembro de 2002".

De seguido o Sr. Alcalde somete a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non da proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, dous (P.S.O.E.); reservanse para o pleno os membros do B.N.G.- Por conseguinte, por maioría absoluta fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para manifesta-la súa conformidade coa renovación da operación de tesourería xa que o concello non ten liquidez para cancelala, indicando que se melloran as condicións existentes na actualidade en canto ó tipo de interese.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para dicir que esta operación de tesourería non ven determinada por unha falta de liquidez transitoria, senón que a mesma é permanente, indicando que haberá que adoptar algunha solución ó problema existente. Finaliza a súa intervención anunciando o seu voto en contra xa que se trata dunha filosofía errónea.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para anuncia-lo voto en contra do seu grupo, reiterando os argumentos manifestados no debate

de aprobación dos presupostos de 2002 e no de resolución de alegacións ós mesmos. Finaliza a súa intervención dicindo que o grupo de goberno non fai ningún esforzo para disminuir dita operación, senón todo o contrario.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que esta operación de tesourería non é nova, xa que ven de anos anteriores; di que se tratou de buscar solución para reducil a coa conversión a longo prazo de parte da débeda se ben non o autorizou a Consellería. Finaliza a súa intervención manifestando que se non se renova a operación de tesourería, o concello non vai poder facer fronte á mesma polo que apela á responsabilidade dos Concelleiros á hora de votar.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para sinalar que dende o Concello pódese facer máis, xa que se non a única solución será hipotecar para varios anos o importe do Fondo de Cooperación Local.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para dicir que non se debe enmascara-la actuación do grupo de goberno apelando a deficiencias estruturais, xa que esta operación dos derradeiros anos duplicouse. Finaliza a súa intervención solicitando que se presente un plano para disminuir dita operación de tesourería.

Intervén o Sr. Alcalde para reiterar que esta operación ten moitos anos e se non se renova, o Concello non a poderá asumir, facéndolle un flaco favor ó mesmo, indicando que a responsabilidade é tanto do grupo de goberno coma da oposición.

Intervén o Sr. Secretario do Concello para sinalar que dada a contía da operación, a cal supera o 10% dos recursos ordinarios do Concello, de acordo co artigo 47.3 g) da LRRL requirese para a súa aprobación maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, seis (P.S.O.E. e B.N.G.).- De seguido sométese de novo a votación obténdose o mesmo resultado, polo que o non obterse maioría absoluta non fica aprobada a devandita proposta.

11.- APROBACION, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE OBRADOIRO DE EMPREGO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Rexime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 19 de Setembro que di: "De seguido o Sr. Presidente efectivo da Comisión da conta da seguinte moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: **"DON JOSE PEREZ IGLESIAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA** , ten a ben presentar ó Pleno a seguinte **MOCION:**

Estando previsto actuacións en diversas zonas do municipio, en concreto nas Escolas Unitarias de San Paio, San Cristovo e na área recreativa de San Cristovo, este Concello tramitou o correspondente proxecto de Obradoiro de Emprego.

A fin de tramitar a solicitude ante a Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación que acade os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a Memoria e Proxecto formativo presentado para o Obradoiro de Emprego, cuio marco de actuación será o Campo de Fútbol de San Cristovo, Escolas Unitarias e ordenación da orillas do río Avia en Ribadavia.

2º.- Poñer a disposición os inmobles e terreos necesarios para levar a cabo as obras, tendo en conta que as escolas unitarias de San Paio e San Cristovo e a área recreativa de San Cristovo son de titularidade municipal.

3º.- O Concello de Ribadavia comprométese a aportar para completar o proxecto de Obradorio de Emprego, cun importe económico de 107.513,76 euros.

4º.- Facultar o Sr. Alcalde para que asine os documentos precisos na xestión da correspondente subvención ante a Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

Nembargantes a Corporación co seu superior criterio acordará o que estime máis oportuno. Ribadavia, 19 de setembro de 2002".-

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada, obtendose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E. e

B.N.G.- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Concelleiro do grupo mixto, para manifesta-la súa conformidade coa solicitude, indicando que esto poderá contribuír a paliar-la situación de paro na que se atopa Ribadavia e bisbarra.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que apoian a solicitude, se ben non pensa que o paro da comarca se vaia a solucionar co obradoiro de emprego; solicita máis rigurosidade na selección de persoal dáda-las experiencias da anterior Escola Obradoiro. Finaliza a súa intervención preguntando se no campo de fútbol de San Cristovo van a desaparecer-los gradeiros para a ubicación dos vestiarios.

Intervén Dom Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para manifesta-lo apoio á solicitude, se ben, non se fan responsables da documentación técnica. Finaliza a súa intervención solicitando que se cumpra o acordo plenario existente á hora de face-la selección de persoal.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para respostarlle ó Sr. Alonso e dicirlle que no campo de San Cristovo non hai graderios, indicando que os vestiarios existentes desaparecen xa que non os autoriza a Confederación Hidrográfica.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

12.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., conxuntamente co grupo municipal do B.N.G. fai a presentación das seguintes mocións de urxencias:

PRIMEIRA.- "Esta Corporación vén observando como pola empresa Concesionaría do Aparcamento, dende que obtivo a autorización para iniciar a Actividade, non cumpre as súas obrigas referidas a Urbanización Superior da Alameda.

Esto súmase os incumplimentos e anomalías na execución de obra lexos das condicións establecidas nas Bases do Concurso e Proxecto.

Por elo é polo que se ACORDA:

Abrir expediente sancionador contra a Empresa Concesionaria do Aparcamento Soterrado de Alameda(GESTIMA) polos incumplimentos na execución de Obra, nomeando Xuíz instutor o Concelleiro Don Jose Prieto Perez".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria á aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Grupo Mixto); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Grupo Mixto); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita moción.

SEGUNDA.- "O Pleno da Corporación xa manifestou o seu rechazo ante a actitude coa Corporación de Ribadavia por parte de D. Rogelio Martinez, Vicepresidente da Mancomunidade.

De novo no mes de agosto ven repetir as suas descalificacións contra os membros desta Corporacion calificandoos de "imbéciles".

Por elo é polo que realizamos a PROPOSTA de Acordo:

O Pleno da Corporación de Ribadavia rexeita as descalificacions por parte de D. ROGELIO MARTINEZ, vicepresidente da Mancomunidade, contra os membros desta Corporación insultados reiteradamente esixíndolle se disculpe ante esta Institución e o Pobo de Ribadavia".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Grupo Mixto); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte e por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, cinco (P.P.); abstencións, unha (Grupo Mixto).- Por conseguinte e por maioría fica aprobada a devandita moción.

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

"Os Concellais que suscriben, veñen observando como se sinalizou como zona de Prohibido Aparcamento parte da Rúa Progreso, en concreto dende a Praza de Abastos a entrada Rúa Alcalde Meruéndano.

Nesa zona non está nas establecidas na Ordenanza de Aparcamento Prohibido e pola contra estase a sancionar por esa infracción. Co fin de evitar subterfuxios para estender a esa zona esa prohibición en contra da filosofía e acordo do Pleno na confección da Ordenanza, acolléndose a facultade do Alcalde de modificar as zonas de Carga/Descarga cando as condicións varien é polo que propoñemos:

O Pleno da Corporación acorda modificar a Ordenanza de Circulación no sentido que as Resolucions do Alcalde para establecer as zonas de Carga e Descarga deberán ser informadas favorablemente pola Comisión Informativa correspondente".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, seis (P.P. e Grupo Mixto). De seguido sométese de novo a votación obténdose o mesmo resultado, polo que polo voto de calidade do Sr. Alcalde fica rexeitada a urxencia da moción presentada.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para solicitar que, ó ser rexeitada a urxencia da moción se debata a mesma na vindeira Comisión Informativa.

Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do grupo municipal do B.N.G., formula os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que cando vaia a Santiago de Compostela, leve unha petición de subvención ó organismo correspondente para arranxa-la estrada que vai dende o Consello a Quinza.

2º ROGO.- Rogalle ó Sr. Alcalde que informe se existe informe da oficina do P.E.R.I., sobre a obra de rehabilitación que se fixo na esquina da rúa Merelles Caula, así coma tamén solicita que os técnicos comprobren se se axusta á licenza concedida.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que está pendente da presentación dun proxecto.

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que faga xestións para a colocación soterrada dos contedores do lixo no Casco Histórico.

4º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que faga as xestións oportunas para que os semáforos existentes na zona da estación de autobuses se apaguen.

5º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde para que dea as ordes oportunas para que se proceda ó pintado de prohibido aparcar na entrada da rúa Trasmesones e non se obstaculice a rúa.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que faga as xestións oportunas para que veñan ó Concello os proxectos do Leader Plus e Interreg III b.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que fixera as xestións oportunas para que un técnico da Cotop explicase as reformas no proxecto das ribeira do Avia e, se as mesmas son sustanciais ou non. Así mesmo solicita que os planos que se manden sexan de data actual, xa que os remitidos son de maio do 2000 e non coinciden cos existentes no Concello.

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que solicitase de novo o informe á Cotop sobre a Estación de Auga Potable da Franqueirán.

1ª PREGUNTA.- Interesaríalle saber se a obra do Museo do Viño ía incluída no programa comunitario Interreg III e se o mesmo se atopa presentado.

Resposta o Sr. Alcalde: Está presentado e resolverase en vindeiras datas.

2ª PREGUNTA.- Interesaríalle saber se as obras da Mancomunidade Turística están adxudicadas.

Resposta o Sr. Alcalde: As de sinalización están adxudicadas; en canto ás deste ano, di que o vindeiro martes terase unha reunión cos técnicos para explica-las obras do Castelo.

3ª PREGUNTA.- Interesaríalle cando se vai a inaugura-lo parque empresarial.

Resposta o Sr. Alcalde: Está pendente do derradeiro trámite e espera que hoxe se aprobase polo Consello da Xunta.

4ª PREGUNTA.- Interesaríalle saber en relación co proceso de selección do persoal da gardería da Mancomunidade, porque o persoal que levaba traballado anos non ten puntuación por experiencia profesional.

Resposta o Sr. Alcalde: Sen entrar en casos particulares, di que a experiencia deberíase acreditar documentalmente; di tamén que o que pode pasar e que non se acreditase documentalmente a experiencia, os cursos ou ben que houbera un erro para o cal existen as alegacións e os propios recursos.

Intervén o Sr. Carreira Sebio para solicitar ve-lo expediente de selección do persoal da gardería.

5ª PREGUNTA.- En relación coa obra que se está realizando na esquina da Praza Maior coa rúa Garcia Penedo, solicita información sobre a licenza e a concesión de subvención.

Resposta o Sr. Alcalde: Ten licenza con informe favorable da oficina do P.E.R.I..

Don Xosé Prieto Pérez, Concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai presentación dos seguintes rogos:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que cando se fagan cortes de auga, se avise a través dun Bando da Alcaldía e con tempo suficiente para que os veciños poidan toma-las medidas oportunas.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde para que faga xestións coa entidade bancaria encargada do cobro dos impostos para que non fixen horarios para facer ditos pagos.

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que dea as ordes oportunas para que se proceda á limpeza da zona da estación fronte ó polideportivo municipal.

4º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que informe sobre os pagos das festas e Feira do Viño, así coma tamén solicita se convoque a xuntanza para falar da vindeira edición da Feira do Viño xa que o tempo pasa e a Feira esta aí.

Don Miguel Fidalgo Areda, Voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula os seguintes rogos:

Quere facer constar en Acta a protesta do seu grupo polo cambio dos turnos á hora de face-la ofrenda á Virxe do

Portal, así coma tamén polo caos circulatorio durante as festas do Portal, sendo únicos responsables o Sr. Alcalde e, o Concelleiro de Tráfico. Finaliza a súa intervención dicindo que lle parece lamentable o ocorrido co tema dos palcos, precedente que deixa a autoridade do Sr. Alcalde polo chan.

En relación coas festas, di que lle sorprende que os membros da comisión de festas non se puxeran en contacto cos grupos da oposición, xa que as modificacións de crédito son competencias plenarios.

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que lea as Actas dos Plenos; que cumpra os acordos e que responda ás preguntas dos grupos municipais.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde de Ribadavia que coma Presidente da Mancomunidade nunca perda a dignidade e non se rebaxe a ninguén, o que lle leva a dar respostas peregrinas para que os Concelleiros non poidan acceder ós expedientes da gardería. Finaliza a súa intervención facendo unha carta ó diario La Voz de Galicia realizada por Don Rubén Garcia, Ribadaviense de pro.

E sendo as once menos dez menos da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.